

Foto: Marta Barandela González

XUÑO, XULLO E SETEMBRO 2025

RESUMO DE ACTIVIDADES

CINBIO

'Nano-Hokusai'

A fotografía de xuño no calendario do #teamCINBIO está realizada por Carlos Renero Lecuna, investigador do grupo de Nanomateriais Biomiméticos (Biomimat). Inspirada no cadro de Hokusai (La Gran Ola) amosa unha imaxe de campo escuro no que varias fibras e partículas de po dispersan luz de diferentes maneiras, mostrando unhas coloridas formas abstractas.



Nova reportaxe en GCiencia

A principios do mes de xuño, o medio especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de Inmunoloxía do CINBIO en relación ao estudo de diferentes vías para tratar o cancro de páncreas, un dos máis agresivos. [Máis información.](#)



Seminario Silvia Penuela

O venres 6 de xuño, a Dra. Silvia Penuela (*Schulich School of Medicine and Dentistry, University of Western Ontario, London, Canada*), ofreceu o seminario "Pannexin channel isoforms in cancer signalling" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



CINBIO en 'ACiENCIACERTA'

O venres 6 de xuño o #teamCINBIO participou cun stand informativo na feira divulgativa 'ACiENCIACERTA', promovida polo Concello do Porriño co apoio de Zendal. Ademais de dar a coñecer o traballo do CINBIO e o festival científico CinVigo, ofreceron divertidos experimentos.



Visita gañadores CinVigo

A principios de xuño, o equipo gañador do premio outorgado polo público no festival científico CinVigo 2025 visitou os laboratorios do CINBIO. Co seu proxecto 'Faro sostible' gañaron unha estadia no noso centro para coñecer o traballo dos diferentes grupos de investigación. [Máis información.](#)



Seminario Antonella Bongiovanni

A Dra. Antonella Bongiovanni (*Institute for Research and Biomedical Innovation, Italy*), ofreceu o seminario "Nature's Nanosecret: Production and Engineering of Microalgal Extracellular Vesicles for Innovative Therapeutic and Cosmetic Applications" dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis info.](#)



Xuntanza proxecto Twinflag

No mes de xuño, o CINBIO acolleu unha xuntanza científica internacional para abordar o envellecemento e as patoloxías asociadas á idade, promovida polo consorcio de socios do proxecto europeo Twinflag, que conta coa participación do grupo CellCOM. [Máis información.](#)

XUÑO 2025

THE THINKING INSTITUTE - 4th edition

O 3 e 4 de xuño celebramos a 4ª edición de The Thinking Institute, un punto de encontro de especialistas nacionais e internacionais nos eidos da nanociencia, a nanomedicina ou a nanoquímica. O evento, impulsado polo investigador Luis Liz Marzán co apoio do CINBIO, tivo lugar no edificio de Ciencias Experimentais do campus universitario de Vigo.



O evento contou cun total de 11 relatorios: Sara Bals (University of Antwerp); Maurizio Prato (CIC biomaGUNE); Wiebke Albrecht (NWO-Institute AMOLF); Robin Girod (University of Antwerp); Joerg Lahann (University of Michigan); Ventsislav Valev (University of Bath); Gustavo Bodelón (CINBIO, Universidade de Vigo); Joaquín Castilla (CIC bioGUNE); Nùria López (ICIQ); José M. Taboada (Universidad de Extremadura) e Miguel Correa (investigador e director do CINBIO). [Máis información.](#)



Xornada BioDeSost'25

O grupo EQ-2 celebrou a Xornada Biomasa e Desenvolvemento Sostible, BioDeSost'25, cita anual para abordar a investigación na revalorización de materias primas e procesos de aproveitamento de biomasa para obter produtos de alto valor engadido. [Máis información.](#)



Seminario Antonio Benayas

O xoves 19 de xuño o Dr. Antonio Benayas (*Universidad Autónoma de Madrid*) ofreceu o seminario "Contactless, remote, non-invasive... sensing?...you tell me! Luminescence (nano)thermometry and manometry as well proven tools for biomedical proof-of-concept(s)". [Máis info.](#)



Seminario ITMO University

O luns 23 de xuño varios representantes da ITMO University (Saint Petersburg), participantes do programa de mobilidade Erasmus+, ofreceron un seminario para dar a coñecer o seu traballo e a súa universidade. [Máis información.](#)



Public speaking workshop

O martes 24 de xuño, Polina Khapaeva (*Director for Development, ChemBio Cluster SCAMT, IT University*), participante do programa de mobilidade Erasmus+, ofreceu o seminario 'Public speaking in science'. [Máis información.](#)



Seminario Iria Gómez

O martes 24 de xuño, a Dra. Iria Gómez (CiMUS, USC) ofreceu o seminario "Identifying novel antigens in autoimmunity through drug discovery approaches", dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Seminario #TechLab

O mércores 25 de xuño, Carmen Calleja (*Technical Sales Specialist Flow Cytometry*) ofreceu unha formación sobre os equipos Attune Xenith para a análise multidimensional e Attune CytPix para análise de imaxes. [Máis info.](#)



Quero ser investigadora

A investigadora do grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, Laura Salonen, é unha das científicas protagonistas do catálogo 'Quero ser investigadora 5', promovido pola UCC+i da Universidade de Vigo co apoio da FECYT. [Máis información.](#)



Seminario Jhoan Toro

O xoves 26 de xuño, Jhoan Toro-Mendoza (*American Chemical Society Publications. Oxford, UK*) ofreceu o seminario "Academy, Industry, & Editorial: Some tips from my journey" dentro do programa de formación transversal. [Máis info.](#)

"O nanomundo invertido"

A fotografía de xullo no calendario do #teamCINBIO está realizada por Daniel García Lojo, investigador do Grupo de NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio). Trátase dunha imaxe de microscopia electrónica de barrido de nanopartículas de ouro depositadas sobre unha superficie de silicio.



Axuda da Fundación FEDER

Un proxecto que busca mellorar o diagnóstico e tratamento das persoas que padecen osteosarcoma, liderado por María Mayán desde o grupo CellCOM do CINBIO, conseguiu financiamento da Fundación FEDER, a Federación Española de Enfermedades Raras. [Máis info.](#)



Presentación premios Zendal

O xoves 3 de xullo, Beatriz Díaz Lorenzo (Communications & Corporate Brand Director of Zendal) visitou o CINBIO para realizar unha presentación da quinta convocatoria dos premios Zendal.

[Máis información.](#)



Artigo Nature Communications


Persoal investigador do grupo CellCOM do CINBIO identifica unha vulnerabilidade clave para vencer a resistencia de determinados cancros aos fármacos. Co foco en tumores con mutación no xene BRAF, moi presente en casos de melanoma.

[Máis información.](#)



Seminario Alexander Govorov

O xoves 17 de xullo, o Dr. Alexander O. Govorov (Department of Physics and Astronomy, Ohio University, Athens, USA) ofreceu o seminario "Noble and Inexpensive Plasmonic Materials for Hot-Electron and Chiral Photochemistry Applications", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



Seminario #TechLab

O mércores 23 de xullo, Elena Aranda (pD Field Application specialist at Bonsai Lab) ofreceu o seminario "Discover innovative perspectives on biology through Single Cell & Spatial Techniques" dentro do ciclo de Seminarios #TechLab.

[Máis información.](#)



Seminario Carmen Picón

O xoves 24 de xullo a Dra. Carmen Picón Muñoz (Departamento de Patoloxía e Inmunoloxía, Université de Genève) ofreceu o seminario "Neuronal methylome and transcriptional remodelling sustains cortical pathology in Multiple Sclerosis", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis info.](#)

VIII CINBIO ANNUAL MEETING

O 10 e 11 de xullo celebramos a VIII edición do Annual Meeting do CINBIO no museo MARCO de Vigo.

A investigadora Annemiek van Spriel da Universidade Radboud (Países Baixos), foi a encargada de ofrecer o primeiro relatorio da reunión, titulado *Tetraspanins: Molecular Organisers of the Immune Cell Surface*.



As e os relatores e panelistas, boa parte deles persoal investigador da Universidade de Vigo (especialmente do CINBIO) e doutros centros de investigación de Vigo (IEO-CSIC, IISGS) e outras institucións de Galicia (USC, IDIS, UDC); así como de Portugal (INL, Universidade de Minho, Universidade de Porto), centraron as súas achegas ao congreso nas dúas grandes áreas de investigación do CINBIO: os nanomateriais e a biomedicina. [Máis información.](#)



Nova reportaxe en GCiencia

O medio dixital GCiencia fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de investigación en Innovación en Agroalimentación e Saúde do CINBIO en relación á identificación de biotoxinas en mostras de peixe. [Máis información.](#)



NANO4TALENT - Q&A Session

O 29 de xullo celebramos unha sesión informativa sobre a primeira convocatoria de contratación de persoal investigador no marco de NANO4TALENT, o programa de atracción de talento posdoutoral impulsado polo CINBIO. [Máis info.](#)



Tese Nair Varela

O mércores 30 de xullo, Nair Varela, investigadora do grupo de Filoxenómica do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Genomic heterogeneity of circulating tumor cells". [Máis información.](#)



Seminario Jacinto Sá

O Dr. Jacinto Sá (Angstrom Laboratory, Uppsala University) ofreceu o seminario "Leveraging plasmonics unique photophysics to make molecules", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



Proxecto VIGO4SAR

A asociación *Vigo Contra el Cáncer* financiará o proxecto pioneiro VIGO4SAR para personalizar terapias en sarcomas desde o CINBIO e o IISGS, grazas á recadación da súa carreira solidaria do 19 de outubro. [Máis información.](#)

"Luces no trixémino"

A fotografía de setembro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Marta Barandela, investigadora do grupo Neurocircuitis do CINBIO.

Nela podemos observar neuronas do núcleo trixeminal da lamprea marcadas con neurobiotina.




Vigo Contra o Cancro

Os beneficios da carreira solidaria Vigo Contra o Cancro serán íntegros para un proxecto de loita contra o sarcoma liderado desde o grupo CellCOM do CINBIO. O prazo para inscribirse na carreira está aberto ata o 13 de outubro. [Máis info.](#)



Seminario Laura Salonen

O xoves 18 de setembro, Laura M. Salonen, do Grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO, impartiu a charla "Covalent organic frameworks for catalysis and environmental application" dentro do ciclo "Coñece ao #teamCINBIO". [Máis información.](#)




Tese Cecilia Jiménez

O venres 19 de setembro, Cecilia Jiménez, do grupo Neurocircuits do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título "Revealing the pupillary light reflex and vestibular circuits in early vertebrates". [Máis información.](#)




Seminario Krzysztof Antosik

O mércores 24 de setembro, Krzysztof Antosik Msc Eng (EKMA – Aparatura Laboratoryjna i Procesowa) ofreceu o seminario "Overview of JAI preparative chromatography with recycling", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



David Posada na AECC

O 24 de setembro, o investigador e líder do grupo de Filoxenómica do CINBIO, David Posada, participou nun acto organizado pola Asociación Española Contra el Cáncer (sede Pontevedra) co fin de amosar a importancia da investigación en cancro. [Máis información.](#)



Grupo ORCHID en GCIencia

O medio dixital GCIencia fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de Química Orgánica do CINBIO en relación ao estudo de moléculas naturais para reproducilas no laboratorio, co fin de detectar dianas terapéuticas para enfermidades como o cancro. [Máis información.](#)



SETEMBRO 2025

CIENCIA CON C DE CINBIO 2025

A principios de setembro celebramos unha nova edición do ciclo de divulgación científica 'Ciencia con C de CINBIO'. Como vén sendo habitual, o persoal do noso centro levou a ciencia á rúa e abriu as portas dos seus laboratorios co propósito de dar visibilidade ao seu traballo.

O martes 9, os grupos de Biomasa e Desenvolvemento Sostible e o de Evolución Molecular Computacional ahégáronse ata a carpa lúdica e informativa situada na contorna de A Laxe, en Vigo, para ofrecer ao público vigués divertidos xogos e experiencias relacionadas coa formulación de biomateriais o a evolución dos organismos.



O venres 12 de setembro, celebramos a clásica xornada de portas abertas do CINBIO, na que preto de 80 persoas de entre 4 e 87 anos visitaron os laboratorios e participaron nas actividades organizadas polos grupos TeamNanoTech (TNT), Comunicación celular en cancro e en enfermidades asociadas á idade (CellCOM), Neurocircuits, o Grupo de NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio), Filoxenómica, Nanomateriais Biomiméticos (Biomimat) e o grupo de Inmunoloxía do CINBIO.

[Máis información.](#)



DM Investigación en Cancro

CINBIO e asociacións de pacientes como Asarga, Vigo Contra o Cancro e Bicos de Papel uniron forzas para impulsar a conciencia social sobre o impacto do cancro, nun acto celebrado o 24 de setembro no campus de Vigo. [Máis información.](#)



Seminario Jéniffer Gómez

O 25 de setembro a Dr. Jéniffer Gómez (CICA, UDC) ofreceu a charla "Carbon Dot Engineering: From Photoluminescence to Biomedical and Environmental Interfaces", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



#teamCINBIO na G-Night

O mércores 30 de xullo, Nair Varela, investigadora do grupo de Filoxenómica do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Genomic heterogeneity of circulating tumor cells".

[Máis información.](#)

ADIANTO OUTUBRO 2025

CINBIO SEMINAR PROGRAMME



- Venres 3 de outubro ás 11:00 horas:

Seminario Dr. José Fernando Díaz Pereira (*Centro de Investigaciones Biológicas Margarita Salas, Consejo Superior de Investigaciones Científicas*): "Tubulin targeted chemotherapy: A story of nature's power".



- Xoves 9 de outubro ás 11:00 horas:

Seminario Dra. Beatriz Piñeiro Lago (*CEO de Economía Circular e líder da Advanced Leadership Foundation*): "Liderando o reto climático global: o Servizo Galego de Saúde como campión climático".

- Xoves 16 de outubro ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Pablo Aguiar Fernández (*CIMUS, USC*): "Translational PET imaging and theragnosis".



- Xoves 30 de outubro ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Yury V. Kolen'ko (*International Iberian Nanotechnology Laboratory, Braga, Portugal*): "Spin-Polarized Catalysts for Energy-Efficient AEM Water Electrolysis".



OUTROS SEMINARIOS

- **Cofeece ao #teamCINBIO | Ana Covelo**

O xoves 23 de outubro ás 11:00 horas teremos a oportunidade de coñecer o traballo de Ana Covelo, do Grupo Neurocircuits, que impartirá a charla **"Astrocyte-Neuron crosstalk in the brain reward system"**.



ADIANTO OUTUBRO 2025

XORNADAS IGUALDADE



- **Venres 10 de outubro | Falemos de ciencia en igualdade**

A VI edición desta xornada, organizada polo CINBIO co apoio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, terá o foco na Wikipedia como ferramenta de divulgación.

Daremos a coñecer o proxecto do CINBIO que busca incluír máis mulleres científicas galegas na Wikipedia e achegaremos as claves para redactar textos divulgativos inclusivos e converteremos en editoras de Wikipedia. **Máis información e inscricións.**

- **Venres 17 de outubro | Fake news de xénero na ciencia**

A xornada “Fake news de xénero na ciencia: como detectar e verificar a desinformación”, organizada polo CINBIO co apoio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, pretende abordar o impacto da desinformación no ámbito científico desde unha perspectiva de xénero, analizando como os bulos e narrativas falsas contribúen a perpetuar estereotipos, reducir a visibilidade das mulleres e debilitar a confianza pública na ciencia. **Máis información e inscricións.**


EMPREN+AP

- **24 de outubro | Foro de políticas públicas para a innovación e o emprendemento**

O venres 24 de outubro de 2025 celebraremos o “Foro de políticas públicas para a innovación e o emprendemento”, organizado pola Unidade de Transferencia e Innovación do CINBIO.

Este foro servirá como punto de encontro entre persoal representante de GAIN, responsables políticos, expertos/as en políticas públicas, persoal investigador, emprendedores/as e empresas co obxectivo de discutir e propoñer melloras nas políticas de apoio ao emprendemento e a innovación. Terá lugar na Sala do edificio CITEXVI, no campus universitario de Vigo.

Máis información e inscricións.



cinbio.es

